

Lino Novás Calvo, tradutor galego de Hemingway (Noticia dun centenario esquecido)

Xosé Manuel Dasilva

[Recibido, abril 2005; aceptado, maio 2005]

RESUMO O presente artigo procura ofrecer unha aproximación á personalidade de Lino Novás Calvo, escritor e tradutor galego do que no ano 2003 se cumpriron varios aniversarios. Tras analizar brevemente as principais vicisitudes da súa biografía e os trazos máis salientábeis da súa creación literaria, ponse de relevo en particular a actividade que desenvolveu trasladando ao castelán diversas obras contemporáneas desde o inglés e o francés. Entre elas, dedícase especial atención ao labor que Lino Novás Calvo realizou como tradutor d'*O vello e o mar*, a famosa novela de Ernest Hemingway, pois foi el o único autorizado polo propio escritor norteamericano para verter esta obra ao castelán.

ABSTRACT This article aims to provide an outline of the personality of LNC, the Galician writer and translator, various of whose significant achievements were celebrated in 2003. After looking at the main events of his life, and the most salient features of his literary output, the author pays special attention to his translations of a number of contemporary works from English and French into Castilian. Among these, she picks out his translation of *The old man and the sea*, the famous Hemingway novel, since LNC was the only person permitted by the author to translate this work into Castilian.

253

Limiar

No pasado ano 2003, sen que por desgraza suscitase o máis mínimo interese, produciuse o centenario do nacemento de Lino Novás Calvo, escritor e tradutor tan galego coma case cubano. Aínda máis, na mesma data coincidiron, asemade sen ningunha repercusión, o vixésimo aniversario do seu pasamento e o septuaxésimo aniversario da publicación de *Pedro Blanco, el negrero*, a súa gran novela. Nas páxinas do *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* Couceiro Freijomil ofrecía un breve retrato biográfico de Lino Novás Calvo,

cando este estaba pouco máis que na metade da súa vida, indicando de xeito eloxioso que a obra amentada “es una de las mejores novelas de la trata y la piratería de la literatura universal”, sen deixar de lembrar tampouco que “muy notable es su colección de cuentos cubanos *Cayo canas*”, amais de salientar igualmente a súa faceta de reputado tradutor¹.

Desde aquela pouco máis, na verdade, foi o que se dixo acerca de Lino Novás Calvo, hoxe inxustamente ignorado cando é un escritor de certa significación, mormente na historia das letras cubanas contemporáneas, e un dos máis destacados tradutores ao castelán que Galicia deu, converténdose, por exemplo, entre outros méritos, no responsábel por, así dicir, canónico de todas as versións nesta lingua de *O vello e o mar*, de Ernest Hemingway, xa que o famoso novelista norteamericano só a el deu autorización para realizar ese labor.

Algúns apuntamentos biobibliográficos

254

Calquera noticia en volta da vida e da obra de Lino Novás Calvo debe principiar por referir o seu nacemento nas Grañas do Sor, no municipio de Mañón, a carón de Ortigueira, en 1903 –e non en 1905, como se ten dito máis dunha vez. Fillo de María Calvo, solteira, e de Lorenzo Novás, quen habería recoñecer logo o neno. No conto “La primera lección”, pertencente ao volume *La luna nona y otros cuentos*, localizado en Galicia e onde aparecen a man-tenta no medio do texto en castelán numerosos galeguismos (*veigas, xurro, mantelos, culler, bidueira, pradíos, queirogas, párrago, demo...*), Lino Novás Calvo ha evocar con trazo espido o ambiente dos seus anos de infancia. Cando é pouco máis ca un rapaz, emigrará a Cuba, alentado pola súa proxenitora, onde vai desempeñar ao primeiro os máis variados oficios –mesmo boxeador, peso pluma concretamente–, tanto na mesma Habana coma en Camagüey.

Estes primeiros episodios do percorrido vital de Lino Novás Calvo ben permiten comprender que foi, sobre todo, un autodidacta que terá de adquirir neses anos de xuventude, paseniñamente, unha formación cultural da que

¹ Antonio Couceiro Freijomil, “Novás Calvo, Lino”, en *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. II, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1952, p. 480.

en orixe carecía. Así, en 1926 viaxa a Nova York como inmigrante ilegal, experiencia que lle ha servir moito para afondar no seu coñecemento da lingua inglesa. Ao regreso a Cuba, comeza a levar a cabo unha ampla actividade como xornalista e como escritor, de maneira que en 1927 se presentará aos lectores cun poema titulado “El camarada”, de nido contido social –en certa forma xermolo, xa que logo, da denuncia que na novela *Pedro Blanco, el negrero* se fai da escravitude–, que ve a luz na *Revista de Avance*, editada por figuras significadas da cultura cubana como Jorge Mañach ou o mesmo Alejo Carpentier.

En 1931 Lino Novás Calvo viaxa a España como correspondente da revista *Orbe*, filial do acreditado xornal habaneiro *Diario de la Marina*. Desde aquí realizará viaxes a Francia e Alemaña, mais durante algúns anos vaise asentar principalmente en Madrid, participando nas máis importantes publicacións periódicas da época como *La Voz*, *Diario de Madrid*, *El Sol*, *La Gaceta Literaria*, *Madrid Gráfico*, *Diario de Madrid* e a *Revista de Occidente*. Nesta última publicación, en particular, insire recensións de libros, notas de crítica literaria, algúns ensaios, diversos relatos logo recollidos en volume e, no ano 1932, unha noveliña titulada *Aquella noche salieron los muertos*. Á parte destas tribunas, no transcurso da Guerra Civil, que viviu desde o bando republicano, tamén se han ver colaboracións de Lino Novás Calvo en *Mundo Obrero* e *Frente Rojo*.

255

Sae do prelo por primeira vez en 1933, publicada por Espasa Calpe, *Pedro Blanco, el negrero*, título que desde entón acadaría máis de vinte edicións até hoxe. O remate da obra aparece datado en Madrid o 22 de novembro de 1932, e constitúe a biografía novelada, en primeira persoa, do traficante de escravos malagueño Pedro Blanco Fernández de Trava, nado a finais do século XVIII. Situada a acción nese período, o protagonista, fillo dun mariñeiro de Málaga e dunha muller rica, logo de quedar orfo de pai verase obrigado a deixar a súa terra, iniciando daquela unha vida ateigada de aventuras por todos os mares, desde o Mediterráneo ás Antillas, até se converter nun home adañeirado e poderoso.

En trazos que agora só poden ser superficiais, alén de deixar constancia de que en *Pedro Blanco, el negrero* se indicou unha nítida pegada estilística e mesmo temática de Pío Baroja –dos seus libros *Pilotos de altura* e *La estrella del capitán Chimista*, fundamentalmente–, hai que subliñar que se trata dunha obra para a que o autor xuntou moitísima documentación. Así, nun apéndice final aparecen consignadas máis de un cento de referencias bibliográficas, segundo

se indica de modo explícito “especialmente útiles para el estudio de la trata y la esclavitud de los negros”.

Logo do remate da Guerra Civil, Lino Novás Calvo ha regresar a Cuba tras unha longa estadía en Francia. En España publicara en 1936 outro libro, *Un experimento en el barrio chino*, e ao longo dos anos corenta, sempre fóra, paradoxalmente, do territorio cubano, dará a coñecer outras obras en prosa de ficción, como o libro de narracións breves *La luna nona y otros cuentos* (Buenos Aires, 1942), o volume de contos *No sé quién soy* (México, 1945) ou a novela curta *En los traspatios* (1946).

Todo este tempo vai permanecer Lino Novás Calvo no país caribeño, mais en 1960 abandona Cuba, despois de pedir asilo na embaixada de Colombia, ao ano seguinte tan só do triunfo da revolución de Fidel Castro contra o réxime do ditador Batista. Instálase entón en Nova York, onde traballará para as revistas *Bohemia Libre* e *Vanidades* e tamén como profesor contratado na University of Siracusa, posto que ocuparía até a súa xubilación en 1974. En terras americanas tamén publicará o seu derradeiro libro, *Maneras de contar*, no que se coleccionan algúns dos contos soltos que tiñan aparecido nos últimos anos en diferentes publicacións periódicas.

256

Con referencia a Lino Novás Calvo como escritor, de comezo hai que pór de manifesto a súa condición de integrante do patrimonio literario cubano, conforme xa antes se adiantou. Varela Jácome dixo que “se estudia como cubano en las historias de la literatura, pero en realidad es gallego”², mentres que Abilio Estévez insistirá á súa vez no mesmo xuízo: “Presumo que a nadie se le ocurrirá dudar, a estas alturas, de que aquel narrador nacido en Grañas de Sor es uno de los escritores cubanos más grandes del siglo”³. Por outra banda, nunha nota anónima que se inclúe na contracuberta da edición de *Pedro Blanco, el negrero* publicada na *Colección Austral* apúntase o seguinte:

Lino Novás Calvo es tenido por muchos como escritor cubano, cuando lo cierto es que nació en Galicia en 1905, aunque a los siete años marchara a *la perla de las Antillas*. En Cuba se forma y descubre su

² Benito Varela Jácome, “Novás Calvo, Lino”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela-Gijón: Silverio Cañada Editor, 1974, p. 227.

³ Abilio Estévez, “Prólogo”, en Lino Novás Calvo, *El negrero (Biografía novelada)*, Barcelona: Tusquets Editores, 1999, p. 11.

vocación escritora. Después de cursar estudios, llega a profesor de francés en la Escuela Normal de Cuba, al mismo tiempo que ejerce el periodismo y las letras⁴.

É o mesmo Abilio Estévez, nas liñas anteriormente mencionadas, quen sinalará o feito de Lino Novás Calvo se exiliar logo da revolta castrista como unha das razóns, precisamente, de que o seu nome non sexa hoxe máis coñecido incluso entre os cubanos:

Si leí la novela de Novás Calvo, no fue porque estuviera incluida en los planes de estudio. A Novás ni se le mencionaba. Se había exiliado en Miami al triunfo de la Revolución, y, como a cuantos hubieran abandonado el país después de 1959, se le consideraba *traidor a la patria*. Al igual que Gastón Baquero o que Guillermo Cabrera Infante, ni siquiera aparecía en el *Diccionario de Literatura Cubana* que por esos años publicó el Instituto de Literatura y Lingüística de Cuba. La releí porque, por fortuna, tenía yo un amigo inolvidable que andaba empeñado en dirigirme las lecturas, y a *El negrero*, así como a los cuentos de Novás Calvo, en Cuba había (y hay) que volver siempre⁵.

257

Verbo do relevo de Lino Novás Calvo como escritor, convén referir que forma parte do grupo de narradores que dan un forte pulo nos anos corenta á narrativa cubana, entre os cales figuran nomes como os de Carlos Montenegro e Alejo Carpentier. Velaquí a caracterización que Varela Jácome fixo da actividade como narrador de Lino Novás Calvo:

Novás Calvo parte de una realidad objetiva, densa, pero la transforma con una técnica experimental. Utiliza la ruptura cubista, los procedimientos surrealistas. Se sirve del ensueño, de la pesadilla, del monólogo interior, de la fusión del presente y del pasado, por debajo de las secuencias objetivas enervantes fluye la corriente de la conciencia. Con razón el propio novelista afirma: *Tengo a Faulkner en la sangre*⁶.

⁴ *El negrero: vida novelada de Pedro Blanco Fernández de Trava*, Madrid: Espasa Calpe, 1973; 5ª ed. Colección Austral.

⁵ *Op. cit.*, p. 19.

⁶ *Op. cit.*, p. 227.

Efectivamente, faise xusto sobrancear que foi Lino Novás Calvo quen incorporou de modo pioneiro no ámbito literario hispano as técnicas narrativas máis modernas –as influencias cinematográficas, o *stream of consciousness* e o behaviorismo descritivo, sobre todo– empregadas por diversos autores anglosaxóns, algúns deles por el mesmo traducidos, como James Joyce, Aldous Huxley, Sherwood Anderson, Willliam Faulkner ou Ernest Hemingway. Amais diso, hai que resaltar tamén que o noso escritor foi un dos iniciadores do *realismo máxico* no campo da creación literaria sudamericana, corrente estética que acadaría despois tanta sona. Mesmamente se chegou a dar o nome de Lino Novás Calvo, por outro lado, como representante distinguido da literatura social, como se explica na contracuberta xa citada da *Colección Austral*:

Un libro fuerte que no se olvida es este *Pedro Blanco, el negrero*. Pero es mucho más que un libro apasionante. El paso de los años ha hecho de *Pedro Blanco, el negrero*, una denuncia de un comercio inhumano, que prosigue en otras formas. Denuncia y testimonio que añaden temblor a estas páginas que estremecen la conciencia de cualquier hombre sensible y que ha hecho de Lino Novás Calvo un precursor en el campo de la literatura social.

258

A actividade de Lino Novás Calvo como tradutor

Pero nestas páxinas de arestora interésanos Lino Novás Calvo, máis que en calidade de escritor, a propósito das súas xeirias esencialmente no papel de tradutor. Segundo xa se viu na descrición dos principais avatares da súa biografía, o escritor tivera oportunidade de aprender inglés e francés até o extremo de transformar estas linguas case en propias. De tal forma, grazas á súa competencia idiomática, o escritor irá levando a cabo, por móbiles económicos, diversas traducións literarias que na maior parte dos casos lle concederían, pese a que o facía para vivir, un importante prestixio na tarefa de verter ao castelán obras estranxeiras.

Por certo, unha boa parte destas traducións vainas realizar Lino Novás Calvo, mentres vive en Madrid durante os anos trinta, na biblioteca do Ateneo, onde tiña o cargo de secretario da sección de literatura desta institución. Efectivamente, xorden a partir de aí, e ao longo de varias décadas, ver-

sións en castelán feitas por el de autores ingleses e americanos como D. H. Lawrence –*Canguro* (Buenos Aires, Sur, 1933)–, William Faulkner –*Santuario* (Madrid, Espasa-Calpe, 1934), máis tarde editada tamén por Planeta e Seix Barral–, Robert Graves –*Aventuras del Sargento Lamb* (Buenos Aires, Espasa-Calpe, 1942)–, Zane Grey –*El conductor de manadas* (Barcelona, Juventud, 1943)–, Aldous Huxley –*Contrapunto* (Barcelona, Edhasa, 1988), na última reedición até agora— ou Walter Noble Burns –*Los gangsters de Chicago* (Madrid, Espasa-Calpe, 1972). A esta nómina cumprida de escritores haberá que engadir aínda o francés Honoré de Balzac –*Los pequeños burgueses* (Madrid, Espasa-Calpe, 1933)–, así como diferentes títulos relacionados de forma específica co mundo da pirataría que o autor de *Pedro Blanco, el negrero* tan ben coñecía: *Historia de la piratería, Los corsarios berberiscos. Los piratas del norte, Los piratas del Oeste. Los piratas de Oriente...*

Agora ben, sen relegar as obras enumeradas até aquí, ha ser o labor de Lino Novás Calvo como tradutor de Ernest Hemingway o capítulo máis interesante, sen dúbida, de toda a súa experiencia neste eido. A razón, con seguranza, haina que atribuír ao feito, desde logo non moi habitual, de que el fose a única persoa, conforme se subliñou ao principio, que obtivo permiso para trasladar *O vello e o mar* á lingua castelá, sen que desde a data daquela primeira tradución, e por conseguinte única, houbera posibilidade de realizar outras por máis que o libro se imprimise en diferentes países hispanófonos e, como é lóxico, por parte de numerosas editoriais.

A pregunta, como ben se pode comprender, é polo tanto obvia: cales puideron ser os motivos, en realidade, de que iso acontecese así, dando lugar a unha circunstancia tan curiosa coma pouco frecuente? Para comezar, e na procura dunha explicación aceptábel, cumpriría referir que Lino Novás Calvo era, ao parecer, un dos poucos amigos cubanos que posuía Hemingway. A maiores desta amizade, emporiso, na elección súa como tradutor de *The Old Man and the Sea*, título en inglés da excepcional novela, debeu influír probabelmente o grande aprezo que Lino Novás Calvo tiña mostrado polo peculiar estilo do narrador norteamericano, de tan admirábel precisión, que tentara incluso aclimatar na súa propia produción orixinal. Aínda que só sexa de xeito anecdótico, con relación á particularidade de que Hemingway impuxese como condición o nome do tradutor para vender os dereitos de *O vello e o mar* en lingua castelá, hai que lembrar que algúns anos atrás el mesmo seleccionara –de maneira parecida, pois, por máis que haxa que salvar todas as distancias– a

Gary Cooper para o papel de Robert Jordan na versión cinematográfica, realizada por Sam Wood, do seu libro *Por quen dobran as campás* –no orixinal inglés, *For Whom the Bell Tolls*.

Como se sabe, Hemingway instalárase en Cuba logo de casar en 1946 coa xornalista Mary Welsh durante unha longa tempada, aloxado na Finca Vigía –ou Lookout Farm–, preto da Habana, que adquirira seis anos antes. Será a finais de 1950 cando o escritor decida transmutar en novela a historia do vello pescador e do peixe xigante que lle contaran en 1935, a cal lle servira xa de motivo temático para un breve relato arredor da pesca en alta mar de fasquía xornalística, titulado “On the Blue Water”, que apareceu na revista *Squire* en abril de 1936.

O proxecto primeiro de Hemingway era, polo visto, que *O vello e o mar* constituíse a parte derradeira dun extenso libro sobre o mar, para o que tiña pensado o título *Islands in the Stream*. Non obstante, segundo todas as informacións das que se dispón, o proceso de redacción da novela tal e como finalmente se publicou foi vertixinoso, de modo que na primavera do ano seguinte a obra estaba rematada. Moi posibelmente nese momento o propio Hemingway tiña conciencia de que acababa de dar a luz unha obra xenial, onde unha mancha de variados significados alegóricos de enorme riqueza convertían en transcendente a sinxela trama narrativa. O éxito que arelaba coa elaboración d’*O vello e o mar* era, de certo, o seu persoal desquite por todas as críticas desfavorábeis recibidas no ano anterior pola novela *Across the River and Into the Trees*, nas que mesmo se dicía que estaba acabado.

A primeira edición d’*O vello e o mar* publicouse o día 1 de setembro de 1952 nun número monográfico de *Life*. Esta revista pagáralle a Hemingway 1’10 dólares por cada unha das 27.000 palabras que a obra contiña, en total, xa que logo, case 30.000 dólares. En contrapartida, *Life* chegaría a dar vendido cun éxito inusitado máis de cinco millóns de exemplares en corenta e oito horas. En forma de volume, a novela saíría á luz cunha tiraxe de 50.000 exemplares por iniciativa da editorial Scribner’s sete días despois, con impacto semellante –mantívose, por exemplo, vinte e seis semanas na listaxe de libros máis vendidos do *New York Times*–, e tamén pasaría en pouco tempo ás pantallas cinematográficas correspondendo a Spencer Tracy o protagonismo no papel do pescador Santiago. Nada máis axustado que o testemuño do novelista Anthony Burgess para se poder decatarse da impresionante recepción coeva da maxistral novela:

Su impacto fue increíble. Se predicaron sermones basándose en él, el autor recibió cientos de cartas laudatorias cada día, la gente le besaba, llorando, por las calles. Su traductor al italiano apenas podía traducir por las lágrimas. Como el héroe era un pobre pescador cubano, el Gobierno de Batista (que Hemingway detestaba en privado) le concedió una medalla honorífica *en nombre de los pescadores de peces-espada profesionales desde Puerto Escondido a Bahía Monda*⁷.

En 1953, só un ano despois, o escritor recibía o premio Pulitzer por *O vello e o mar*, obra que sería decisiva asemade para que se lle concedese un premio Nobel que merecera catro anos antes William Faulkner, outro autor traducido por Lino Novás Calvo que non era particularmente moi do agrado de Hemingway.

O concepto de *tradución autorizada*

Canto á versión en castelán da obra, cóntase que a revista cubana *Bohemia*, na esteira do excelente negocio que a revista *Life* fixera, chegou a ofrecer polos dereitos de publicación nesta lingua cinco mil dólares a Hemingway, quen aceptou finalmente a oferta con dúas condicións. A primeira, que ese diñeiro fose destinado a actividades de axuda social na mesma illa cubana. A segunda, que o tradutor d'*O vello e o mar* fose, senlleiramente, Lino Novás Calvo e non outro.

Non por casualidade, en consecuencia, na primeira edición en castelán d'*O vello e o mar* en formato de libro, publicada no ano 1954 por Guillermo Kraft Ltda. en Buenos Aires, con cuberta ilustrada por un debuxo a cor de F. Schömbach, aparecería a seguinte advertencia: “Traducción de Lino Novás Calvo *autorizada* por el autor”. Velaí como nacía a exclusividade do escritor galego na función de tradutor da celebrada novela de Hemingway, a partir deste momento referencia inescusábel nos centos de edicións en lingua castelá que foron aparecendo d'*O vello e o mar* ao longo dos últimos cincuenta anos. Esta circunstancia propiciou un verdadeiro monopolio moi pouco común, como xa se deixou dito, no mundo da tradución literaria.

⁷ Anthony Burgess, *Ernest Hemingway y su mundo* [*Ernest Hemingway and his world*, 1978], tradución de M^{te} Isabel Merino, Madrid: Ultramar Ediciones, 1980, p. 119.

A edición en castelán máis recente d'*O vello e o mar* saíu no pasado 2003, baixo o selo de Debate, en versión, como non podía deixar de ocorrer, de Lino Novás Calvo. Indícase, con todo, que revisou a tradución José Hamad, responsábel tamén de corrixir a última publicación até agora de *Por quién doblan las campanas* e *Fiesta*, trasladadas no seu momento respectivamente por Lola de Aguado e Joaquín Adsuar. No caso tan singular d'*O vello e o mar* faise moi difícil, verdadeiramente, determinar a que criterios respondeu ese labor de revisión da tradución. En efecto, cabe pensar que se tratou tan só dun simple control da versión orixinal de Lino Novás Calvo, moi comprensíbel logo de cincuenta anos, ou que, polo contrario, puido ser máis ben unha estratexema para ofrecer aos lectores unha nova tradución, salvando dese modo o imperativo legal de consignar o nome do autor galego como único tradutor autorizado d'*O vello e o mar*.

Tal vez sexa pertinente, a este propósito, lembrar un testemuño moi ilustrativo de Lois Tobío, outro gran tradutor galego, quen tamén se viu *revisado* con motivo da súa versión ao castelán de *Narciso y Goldmundo*, de Hermann Hesse, malia que cando se publicou por primeira vez aquela fora moi ben avaliada:

262

Porén non haberá de ser esta a opinión do editor que, anos adiante, ha reeditar en España este libro, ao decidir sometelo a unha “revisión” da que nada me dixo. É, xa que logo, unha falta de consideración e unha inxusticia cara o traductor esto de alterar a obra sen a súa autorización, alén das que supón o feito de que non se lle reconozca unha comisión polos exemplares vendidos: de existir esta norma (pola que agora seica se anda a loitar) moitos cartos houbera eu recibido dalgunhas das miñas traducións. Polo demáis, a “revisión” devandita non foi máis aló do que substituír algunhas palabras polos seus sinónimos ou suprimir outras, nun xeito de “corrección de estilo” sen que este viñese a gañar nada e, pola contra, nos máis dos casos perdese. Non hubo ningunha revisión de fondo porque non procedía ou porque o “revisor” tampouco estaba en condicións de a facer por non ter á vista o texto orixinal ou por descoñecer o alemán; sospeito que esa seudooperación de ciruxía estética non tiña máis fito que o de xustificar o xornal do que a fixo. Pero aínda foi peor o que pasou coa miña tradución da novela de Hermann Hesse *Narciso y Goldmundo* que un señor de México plaxiou mudando tamén algunhas frases e

palabras e dándoa coma sua, publicada por unha editorial probablemente pirata⁸.

Co gallo da nova aparición en castelán nos últimos meses das novelas máis importantes de Hemingway, moito se ten falado concretamente sobre a calidade dalgunhas das versións até hoxe publicadas. Nunha reportaxe, Nuria Azancot aludía á intervención da censura de que foran vítimas certas obras en anteriores versións e, por outra parte, reproducía a opinión do tradutor Miguel Martínez-Lage, autor dun novo traslado ao castelán de *Fiesta*, con respecto ás emendas que tivo que facer de varios erros verbais e culturais cometidos por outros tradutores e, mesmo, dalgún esvarón no que o propio Hemingway incorrera:

También, añade, mucho Hemingway está traducido con zafiedad o podado por la censura y no restituido a su integridad cuando la censura ya es cosa del paleolítico inferior. (...). En el caso de Hemingway, el propio Martínez-Lage ha puesto su granito de arena: en mi traducción de Fiesta (Diario de Navarra, 2002), que no es la que circula a día de hoy, queda subsanada la confusión del propio autor entre el tercer y el sexto toro de la tarde, así como bastantes más detalles sanfermineros de diversa envergadura y no pocas peculiaridades del elíptico estilo del barbudo del iceberg⁹.

263

Se se ten en conta a súa natureza, resulta difícil imaxinar que a versión de Lino Novás Calvo d'*O vello e o mar* fose obxecto de modificacións de teor ideolóxico ou relixioso. En todo caso, e xa que a súa versión foi feita en terras cubanas, como moito cabería pensar que tales modificacións as introduciría unha man allea nas edicións que saíron do prelo unicamente en España durante a ditadura franquista.

Sexa como for, o que parece imposible é que sexa xusto estender as críticas de orde estilística contidas no anaco enriba transcrito á tradución de Lino Novás Calvo. Iso é así, de maneira indubidábel, porque se cadra moi poucos tiñan coma el, con independencia da súa competencia en lingua inglesa, un grao tal de familiaridade co especial feitío da escrita do autor norteamericano.

⁸ Lois Tobío, *As décadas de T.L.*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1994, p. 518.

⁹ Nuria Azancot, "Traductores. El estado de la cuestión", *El Cultural*, 30 outubro 2003, p. 9.

Efectivamente, na versión en castelán d'*O vello e o mar* que fixo Lino Novás Calvo –*autorizada*, non se esqueza, por Hemingway en persoa con todas as beizóns legais– é doado recoñecer, pese ao transvase idiomático, a prosa des-
pexada, sen voltas, do escritor norteamericano, cos seus períodos curtos e fluí-
dos de rotunda exactitude. Na tradución de Lino Novás Calvo está ausente,
como tiña que ser consonte o estilo de Hemingway, calquera requilorio super-
fluo que puidese dar a máis mínima aparencia retórica aos feitos novelados, de
maneira que se conserva a mesma economía de medios expresivos que é inhe-
rente á novela en inglés.

É por todo iso polo que resulta tan inmerecida a crítica acerba que, en datas
recentes, José María Guelbenzu levaba a cabo nunha recensión en *El País*. O
devandito comentarista lamentaba moito que *O vello e o mar* e tamén *Fiesta* se
presentasen outra vez ao público non en novas traducións, senón tan só en tra-
ducións *revisadas*:

Las dos traducciones que llegan a nuestras manos son una pena por-
que se ha optado por revisar penosas traducciones ya existentes. El
problema es que una traducción nefasta no es revisable, sino que hay
que hacerla de nuevo¹⁰.

264

É posíbel comprobar que esta dura reprensión se fundamenta, e ben, no
caso de *Fiesta*, pois de xeito fidedigno se demostra que o respectivo tradutor
cae adoito en diversos defectos moi graves. Entre eles hai que destacar, por
exemplo, a propensión a explanar sen motivo, mediante o engadido de frases,
algúns sentidos deliberadamente só suxeridos no texto de partida, ou a ten-
dencia a agrupar, a través de pausas incorporadas ou eliminadas, frases que no
orixinal son, asemade de forma consciente, longas ou curtas. Os defectos
descritos son, certamente, consecuencia de non dar entendido o estilo tan per-
soal de Hemingway, proclive tanto á descrición obxectalista como á elipse.
Agora ben, se iso é verdade na versión castelá de *Fiesta*, José María Guelbenzu
non acaba de dar, de forma altamente elocuente, o primeiro argumento para
que se verifique que a tradución que Lino Novás Calvo fixo d'*O vello e o mar*
sexo tan deostábel.

¹⁰ José María Guelbenzu, "Iceberg Hemingway", en *El País. Babelia*, 10 maio 2003.

Para ir pondo remate a esta breve evocación de Lino Novás Calvo con motivo do seu centenario, en especial no que atinxe ao seu quefacer de tradutor, nada quizais máis apropiado, como homenaxe, que mostrar a súa destreza tomando como exemplo do seu traballo a primeira páxina d'*O vello e o mar*. Véxase, en primeiro termo, o texto orixinal da célebre novela de Hemingway:

He was an old man who fished alone in a skiff in the Gulf Stream and he had gone eighty-four days now without taking a fish. In the first forty days without a fish the boy's parents had told him that the old man was now definitely and finally *salao*, which is the worst form of unlucky, and the boy had gone at their orders in another boat which caught three good fish the first week. It made the boy sad to see the old man come in each day with his skiff empty and he always went down to help him carry either the coiled lines or the gaff and harpoon and the sail that was furled around the mast. The sail was patched with flour sacks and, furled, it looked like the flag of permanent defeat.

Velaquí a coidada transferencia que Lino Novás Calvo realizou en castelán:

Era un viejo que pescaba solo en un bote en el Gulf Stream y hacía ochenta y cuatro días que no cogía un pez. En los primeros cuarenta días había tenido consigo a un muchacho. Pero después de cuarenta días sin haber pescado, los padres del muchacho le habían dicho que el viejo estaba definitiva y rematadamente *salao*, lo cual era la peor forma de la mala suerte, y por orden de sus padres el muchacho había salido en otro bote que cogió tres buenos peces la primera semana. Entristecía al muchacho ver al viejo regresar todos los días con su bote vacío, y siempre bajaba a ayudarle a cargar los rollos de sedal o el bichero y el arpón y la vela arrollada al mástil. La vela estaba remendada con sacos de harina y, arrollada, parecía una bandera en permanente derrota.

265

Finalmente, e posto que existe trasladada por Carlos Casares –tradutor alén de estudioso de Hemingway en varias contribucións– unha versión en galego d'*O vello e o mar*, léase a seguir o comezo da novela na nosa lingua:

Era un vello que pescaba el só nun bote en augas da Corrente do Golfo e que levaba oitenta e catro días sen coller un peixe. Nos

primeiros corenta días contou coa axuda dun rapaz que o acompañaba. Pero despois de tanto tempo sen pescar nada, os pais dixéronlle ó rapaz que o vello estaba definitivamente *salao*, que é a peor forma da mala sorte, e metérono a traballar noutro barco que colleu tres peixes moi bos na primeira semana. O rapaz púñase triste ó ver chegar o vello cada día co seu bote baleiro e baixaba sempre a axudalo a transportar as liñas enroladas ou o bicheiro e o arpón e a vela recollida sobre o mastro. A vela estaba remendada con sacos de fariña e, posta daquel xeito, semellaba unha bandeira en permanente derrota.

Xosé Manuel Dasilva
Universidade de Vigo

Bibliografía

266

- Casares, C., “Hemingway y el mar de Galicia”, en *Cátedra “Jorge Juan”*, A Coruña: Universidade da Coruña, 1997, pp. 147-158.
- “El mar de Hemingway”, *Península*, 1, 1998a, p. 65.
- “Unha épica frustrada”, en *No limiar do novo milenio*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1998b, pp. 9-14.
- *Hemingway en Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia, 1999.
- “Hemingway en Galicia”, en *Ernest Hemingway: actas do encontro realizado na illa de San Simón*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000, pp. 53-72.
- Hemingway, E., *El viejo y el mar*, Buenos Aires: Guillermo Kraft Ltda, 1954.
Traducción de Lino Novás Calvo autorizada por el autor.
- *O vello e o mar*, Vigo: Editorial Galaxia, 1998.
- *El viejo y el mar*, prólogo de Juan Villoro, traducción de Lino Novas Calvo y revisión de José Hamad, Madrid: Debate, 2003a.
- *Fiesta*, prólogo de Juan Villoro, traducción de Joaquín Adsuar y revisión de José Hamad, Barcelona: Debate, 2003b.

- *Por quién doblan las campanas*, prólogo de Juan Villoro, traducción de Lola de Aguado y revisión de José Hamad, Barcelona: Debate, 2003c.
- Novás Calvo, L., *El negrero: vida novelada de Pedro Blanco Fernández de Trava*, Madrid: Espasa Calpe, 1933.
- *Un experimento en el barrio chino*, Madrid: Editores Reunidos, 1936.
- *La luna nona y otros cuentos*, Buenos Aires, 1942.
- *No sé quién soy*, México, 1945.
- *Cayo canas (Cuentos cubanos)*, Buenos Aires: Espasa Calpe, 1946.
- *Maneras de contar*, New York: Las Américas Publishing Company, 1970.
- *El negrero (Biografía novelada)*, Barcelona: Tusquets Editores, 1999.
- *Otras maneras de contar*, Barcelona: Tusquets Editores, 2005.